

ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA DE MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL NO ENTORNO DA PRAZA DE CASTELAO, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Na Casa Consistorial do Concello de Corcubión, ás 10:00 horas do día 15 de setembro 2016, reúnese a MESA DE CONTRATACION para a adxudicación do obra de “*Mellora da rede de saneamento municipal no entorno da praza de Castelao*”, presidida por Manuel Insua Insua, actuando como vocais, a Secretaria Interventora do Concello, Irene Suárez López e o arquitecto da Oficina de rehabilitación, Antonio Martínez Domínguez, actuando, como Secretaria da mesa, a funcionaria María Carmen Trillo Mouzo.

O obxecto da convocatoria é a posta en coñecemento do informe técnico emitido sobre a valoración das ofertas económicas achegadas polas empresas licitadoras.

A Secretaria da Mesa da lectura ao dito informe, que literalmente di:

Antonio Martínez Domínguez, arquitecto Colexiado nº 3.442 do C.O.A.G., a petición de D. Manuel Insua Insua, alcalde – presidente do Concello de Corcubión, e á vista do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración (factor prezo) da obra de “Mellora da rede de saneamento na contorna da Praza de Castelao”

EXPÓN:

A.- O presente informe realízase segundo os procedementos definidos nas Cláusulas 12.2. Sobre B: "Oferta económica"; Anexo II Modelo de Proposición; e 15) Apertura de plicas e adxudicación, do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares descrito con anterioridade, e que se reproducen a continuación:

12.2. Sobre B: "Oferta económica"

Conterá a proposición económica formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II deste prego.

12.2.1) Oferta económica: formulada estritamente conforme co modelo do anexo II do presente prego.

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D. /D^a _____

con domicilio en _____.

rúa _____

nº _____

teléfono _____

con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) Nº _____

actuando en nome propio (ou en representación de _____).

DNI ou NIF Nº _____

e con domicilio en _____.

rúa _____

nº _____

teléfono _____

Toma parte no procedemento aberto cun único criterio de adxudicación (factor prezo) das obras comprendidas no proxecto de Mellora da rede de saneamento na contorna da praza de Castela e a cuxos efectos fai constar que:

1º.- Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezo sen IVE..... Euros).

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) %..... importe..... euros

C) TOTAL (A+ B).....EUROS

2º.- Coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

3º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

4º.- Fai constar que na presente licitación (indíquese o que proceda):

- ___ Non concorre con empresas vinculadas.
- ___ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:

Denominación _____

NIF _____

_____ de _____ de 201_

O LICITADOR (asinado e rubricado)

15) Apertura de plicas e adxudicación.

(...)

15.2 Rexeitamento de proposicións.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola mesa, en resolución motivada.

15.2.1.- A administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, sen atender necesariamente ao seu valor económico, ou declarar deserta a licitación, motivando, en todo caso, a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no presente prego.

15.3.- Criterios de valoración:

Factor prezo exclusivamente

15.4.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

15.4.1.- Cando o órgano de Contratación presuma fundadamente que a proposición non se pode cumprir como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.3 da presente cláusula. A xustificación realizada polos licitadores remitirase para informe dos Servizos Técnicos co fin de que emitan o correspondente informe.

15.4.2.- Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas que estean nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1. A oferta é con valores anormais ou desproporcionados se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 16,67%

- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta con valores anormais ou desproporcionados se é inferior a outra en máis dun 13,33%

- Número de ofertas: 3. Serán ofertas con valores anormais ou desproporcionados aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. Con todo, excluírase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á

media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse ofertas con valores anormais ou desproporcionados todas aquelas con baixas porcentuais superiores a 16,67

- Número de ofertas: 4 ou máis. Consideraranse con valores anormais ou desproporcionados aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

15.4.3 Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta:

- Xustificación dos prezos ofertados
- Volume de obra
- Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

Documentación que se ha achegar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta.

A documentación que se ha achegar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta presentaranse en papel ou en CD (formato dixital PDF con firma electrónica). Os licitadores con ofertas inicialmente con valores anormais ou desproporcionados, dentro do prazo concedido para o efecto deberán presentar a seguinte documentación:

1. Xustificación de prezos ofertados:

A. Materiais

A.1 Compra

- Carta de compromiso dos provedores
- Prezos detallados

A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares)

- Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

B. Maquinaria

B.1 Aluguer e/ou contratación

- Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos

B.2 Medios propios

- Relación detallada da maquinaria

C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico

2. Volume de obra:

Neste caso o licitador deberá xustificar que presentou a oferta con valores anormais ou desproporcionados a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custo laborais fixos e volume de obra contratada:

Xustificarase mediante a achega da nómina do persoal laboral fixo e declaración responsable da obra en execución

15.5 Criterios de desempate

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade (superior ao 2%) de conformidade co establecido na Disposición adicional 4ª do TRLCSP, e acordo do Pleno da Deputación do 25 de febreiro de 2000 (BOP núm. 63 do 17 de marzo de 2000).

Se varias empresas licitadoras das que empataran canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por 100, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

Para estes efectos deberán presentar a documentación esixida nas cláusulas 12.1.1.N e 12.1.2.D (...)

B.- As empresas licitantes para a adxudicación das obras comprendidas no Proxecto de “Mellora da rede de saneamento municipal na contorna da Praza de Castelao” (que non foron excluídas despois de estudar a documentación presentada no Sobre A), así como as propostas ofertadas por cada unha delas, son:

<i>Empresa licitante</i>	<i>Conforme ao modelo (Anexo II)</i>	<i>Prezo. sen IVE IVE (21 %) Total</i>	<i>Concorre con empresas vinculadas</i>
<i>Búa Construcciones y Servicios, S.L.</i>	<i>Si</i>	<i>42.975,21 € 9.024,79 € 52.000,00 €</i>	<i>Non</i>
<i>Construcciones Lemos Martínez, S.L.</i>	<i>Si</i>	<i>38.392,85 € 8.062,50 € 46.455,35 €</i>	<i>Non</i>
<i>Manuel Barcia García</i>	<i>Si</i>	<i>40.330,00 € 8.469,30 € 48.799,30 €</i>	<i>Non</i>
<i>Excavaciones Cernadas Valiña, S.L.</i>	<i>Si</i>	<i>38.572,17 € 8.100,16 € 46.672,33 €</i>	<i>Non</i>
<i>Abaco Sercoin, S.L.</i>	<i>Si</i>	<i>31.714,97 € 7.920,14 € 39.635,11 € Erro no importe da proposición</i>	<i>Non</i>
<i>Construcciones y obras Andújar, S.L.</i>	<i>Si</i>	<i>45.611,63 € 9.578,44 € 55.190,07 €</i>	<i>Non</i>
<i>Sondeos Porzuna, S.L.</i>	<i>Si</i>	<i>34.994,97 € 7.348,94 € 42.343,91 €</i>	<i>Si (a)</i>
<i>Construcciones Ponciano Nieto, S.L.</i>	<i>Si</i>	<i>34.581,16 € 7.262,04 € 41.843,20 €</i>	<i>Si (a)</i>
<i>Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.</i>	<i>Si</i>	<i>34.857,03 € 7.319,98 € 42.177,01 €</i>	<i>Si (a)</i>
<i>Construccións Fermín Simal, S.L.</i>	<i>Si</i>	<i>39.870,00 € 8.372,70 € 48.242,70 €</i>	<i>Non</i>
<i>Aquablue Sistemas Constructivos, S.L.</i>	<i>Si</i>	<i>34.863,05 € 7.321,24 €</i>	<i>Si (b)</i>

		42.184,29 €	
Construcciones D. Ogando, S.L.	Si	33.671,15 € 7.070,94 € 40.742,09 €	Si (b)
Excavaciones y Transportes Ivanca, S.L	Non	36.093,88 € 7.579,71 € 43.673,59 €	Non
Gestal y López, S.L.	Si	40.461,92 € 8.497,00 € 48.958,92 €	Non
Canalizaciones y Construcciones Salnés, S.L.	Si	32.728,18 € 6.872,92 € 39.601,10 €	Non
López y Leis, S.A.	Si	36.139,86 € 7.589,37 € 43.729,23 €	Non
Asproesga, S.L.	Si	42.250,00 € 8.872,50 € 51.122,50 €	Non
Excavaciones Midón, S.L.	Si	31.266,03 € 6.565,87 € 37.831,90 €	Non
Excavaciones Roberto, S.L.	Si	30.397,02 € 6.383,37 € 36.780,39 €	Non
Excavaciones y Obras Melchor, S.L.	Si	31.601,68 € 6.636,35 € 38.238,03 €	Non
Arines Obras y Proyectos, S.L.	Si	30.286,69 € 6.360,20 € 36.646,89 €	Non
Copcisa, S.A.	Si	32.176,43 € 6.757,05 € 38.933,48 €	Non

C.- Compróbase a continuación a posibilidade de que, de acordo co indicado na Cláusula 15.4.2.- do Prego, existan ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

Para o cálculo da oferta media, non se terán en conta as ofertas presentadas por:

- Abaco Sercoin, S.L.
- Excavaciones y Transportes Ivanca, S.L

O motivo da exclusión das ofertas presentadas por estes licitadores é que, de acordo coa Cláusula 15.2.- do Prego, estas empresas deben ser rexeitadas, a primeira por erro manifesto no importe da proposición; e a segunda por presentar a oferta económica nun modelo substancialmente diferente ó establecido (na cláusula 12.2.- se indica que a proposta económica debe ser formulada estritamente conforme co modelo do anexo II do presente Prego).

Así mesmo, e de acordo co indicado no artigo 86.- do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, BOE do día 26; coa corrección de erros 19 de decembro de 2001 BOE nº 303 e 8 de febreiro de 2002 BOE nº 34); ao concorrer con outras empresas vinculadas e non ofertar o prezo menor, tampouco se terán en conta as ofertas presentadas por:

- Sondeos Porzuna, S.L.
- Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.
- Aquablue Sistemas Constructivos, S.L

Obtemos así unha oferta media que ascende á cantidade (IVE incluído) de:

$(52.000,00 + 46.455,35 + 48.799,30 + 46.672,33 + 55.190,07 + 41.843,20 + 48.242,70 + 40.742,09 + 48.958,92 + 39.601,10 + 43.729,23 + 51.122,50 + 37.831,90 + 36.780,39 + 38.238,03 + 36.646,89 + 38.933,48) / 17 = 751.787,48 / 17 = 44.222,79 \text{ €}$

$6,67\% \text{ de } 44.222,79 \text{ €} = 2.949,66 \text{ €}$

$44.222,79 - 2.949,66 = 41.273,13 \text{ €}$

$44.222,79 + 2.949,66 = 47.172,45 \text{ €}$

Tendo en conta que existen ofertas superiores a 47.172,45 €, deberase calcular unha nova media sen ter en conta estas ofertas (cuxo número é superior a tres):

$(46.455,35 + 46.672,33 + 41.843,20 + 40.742,09 + 39.601,10 + 43.729,23 + 37.831,90 + 36.780,39 + 38.238,03 + 36.646,89 + 38.933,48) / 11 = 447.473,99 / 11 = 40.679,45 \text{ €}$

Deberanse considerar, de acordo co indicado na Cláusula 15.4.2.- do Prego, con valores anormais ou desproporcionados aquelas ofertas inferiores a: **40.679,45 €** (IVE incluído), que son as ofertadas polos seguintes licitantes:

- Canalizaciones y Construcciones Salnés, S.L.
- Excavaciones Midón, S.L.
- Excavaciones Roberto, S.L.
- Excavaciones y Obras Melchor, S.L.
- Arines Obras y Proyectos, S.L.
- Copcisa, S.A.

Consonte ó anteriormente exposto, no contexto no que vai dito, sen prexuízo doutras consideracións que resultasen de datos diferentes ós achegados

INFORMO:

I.- Unha vez analizada a documentación do Sobre B: "Oferta económica" de cada unha das empresas licitantes, o técnico que subscribe, en aplicación do indicado na Cláusula 15.2.- do Prego, **propón rexeitar as proposicións presentadas por:**

- **Abaco Sercoin, S.L.**

Por erro manifesto no importe da proposición.

- **Excavaciones y Transportes Ivanca, S.L**

Por presentar a oferta económica nun modelo substancialmente diferente ó establecido (na cláusula 12.2.- se indica que a proposta económica debe ser formulada estritamente conforme co modelo do anexo II do presente Prego).

2.- En aplicación do indicado na Cláusula 15.4.2.- do Prego, considerarase como desproporcionada ou anormal as ofertas presentadas polos seguintes licitantes:

- *Canalizaciones y Construcciones Salnés, S.L.*
- *Excavaciones Midón, S.L.*
- *Excavaciones Roberto, S.L.*
- *Excavaciones y Obras Melchor, S.L.*
- *Arines Obras y Proyectos, S.L.*
- *Copcisa, S.A.*

*De acordo coa Cláusula 15.4.1.- do Prego, o técnico que subscribe **propón ó órgano de Contratación que notifique esta circunstancia aos licitadores anteriores**, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación á que se refire o apartado 15.4.3 da presente cláusula.*

A xustificación realizada polos licitadores remitirase novamente aos Servizos Técnicos co fin de que emitan o correspondente informe.

Este é o informe do Técnico que subscribe segundo o seu leal saber i entender e que pon no seu coñecemento ós efectos da tramitación correspondente.

Corcubión a 1 de Setembro de 2.016
O ARQUITECTO

Antonio Martínez Domínguez

Á vista do informe técnico emitido, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA:

PRIMEIRO.- Rexeitar as proposicións presentadas polas seguintes empresas:

- Ábaco Sercoin SL: por erro manifesto no importe de proposición.
- Excavaciones y Transportes Ivanca SL: por presentar a oferta económica nun modelo substancialmente diferente ao establecido, de conformidade co previsto na cláusula 12.2 do Prego de cláusulas administrativas.

En consecuencia, notificar esta circunstancia aos dous licitadores excluídos.

SEGUNDO.- Considerar como desproporcionada ou anormal as ofertas presentadas polos seguintes licitadores:

- Canalizaciones y Construcciones Salnés, S.L.

- Excavaciones Midón, S.L.
- Excavaciones Roberto, S.L.
- Excavaciones y Obras Melchor, S.L.
- Arines Obras y Proyectos, S.L.
- Copcisa, S.A.

En consecuencia, e de acordo coa Cláusula 15.4.1.- do Prego, notificar esta circunstancia aos licitadores anteriores, para que dentro do prazo de cinco días xustificuen as ditas ofertas, acompañando a documentación á que se refire o apartado 15.4.3 do dito Prego.

TERCEIRO.- Remitir a xustificación achegada polos licitadores, novamente, aos Servizos Técnicos, co fin de que emitan o correspondente informe.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por todos os asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Manuela Fernández Louro

María del Carmen Trillo Mouzo

VOGAIS:

O ARQUITECTO

A SECRETARIA INTERVENTORA

Antonio Martínez Domínguez

Irene Suárez López